As enerxías alternativas

Voz Natura 5ºA

Neste trimeste fixemos un traballo sobre as enerxias alternativas, entre elas a biomasa que é moi abondante na nosa comunidade.

A BIOMASA

De todas as nosas fontes de enerxía é a máis antiga, é a que máis contribuíu ao desenvolvemento tecnolóxico da humanidade e, na actualidade, é a enerxía renovable que presenta unha das mellores aportacións para resolver os problemas enerxéticos dos nosos días. E iso é así porque a biomasa se emprega como combustible en instalacións que xeran calor ou electricidade. Ademais, nalgúns casos pode transformarse para converterse nun produto que pode empregarse como substituto do petróleo nos motores dos coches.

Biomasa e materia viva son a mesma cousa. Cando nos referimos a ela como fonte de enerxía do que falamos é do conxunto da materia orgánica, tanto de orixe animal como vexetal, que pode ser utilizada con fins enerxéticos.
A biomasa é unha fonte de enerxía renovable, de feito é a fonte de enerxía renovable que máis achega na actualidade ás necesidades da humanidade. A enerxía da biomasa provén do Sol a través do proceso da fotosíntese

Cultivos enerxéticos: As plantas que se cultivan co fin de convertelas en enerxía chámanse cultivos enerxéticos e como hai tantas plantas distintas poden ser de tantas formas como un póidase imaxinar. Na práctica, os cultivos enerxéticos adáptanse ao clima e ao chan de cada lugar e así en lugares como os países nórdicos hai bosques orientados a producir madeira que se queima en centrais eléctricas, mentres que en nosas latitudes os cultivos enerxéticos oriéntanse a plantas herbáceas. Así, por exemplo, cereais e oleaxinosas como a colza son cultivados de forma expresa co obxectivo de producir, respectivamente, alcohol ou aceite, que tras un tratamento poderán ser empregados en motores de automóbiles.

Biomasa dos residuos: A maioría das plantas teñen un fin que non é o enerxético como por exemplo alimentar o gando ou producir madeira para os mobles. Pero de todos eses procesos sempre se xera un residuo que si ten un aproveitamento enerxético.

Residuos forestais. Os residuos do aproveitamento dos nosos bosques son unha fonte moi importante de recursos de biomasa. Entre eles encóntranse restos das podas, serraduras, labras, recortes e codias, que se xeran tanto, no campo como nas industrias onde se aproveita a madeira, que son as principais consumidoras deste recurso con fins enerxéticos.

Residuos agrícolas: son de moitos tipos, dende as podas de oliveiras, vides e frutais ata os residuos de cultivos herbáceos, como a palla de cereais. Parte de estes residuos quédase no campo, para recuperar os nutrientes da terra, pero outra parte pode ser usada como combustible. Un caso particular dentro deste apartado constitúeno os residuos das granxas de animais, dos cales pode extraerse o chamado biogas. Palabras "bioverdes" que podemos decir sempre. Bioelectricidad, Biodiversidade, Biocombustible, Bioenerxéticos, Biogás, Bioalcohol, Biodiésel



Os planetas ananos son unha clase de astros diferentes dos planetas e dos corpos pequenos do Sistema Solar.
Un planeta anano é aquel corpo celeste que:

- Está en órbita arredor do Sol.
- Ten suficiente masa como para que a súa propia gravidade haxa superado a forza de corpo ríxido, de maneira que adquira un equilibrio hidrostático (forma case esférica).
- Non é un satélite dun planeta ou outro corpo non estelar.
- Non limpou a vecindade da súa órbita.

Segundo estas características, a diferenza entre os planetas e os planetas ananos é que estos últimos non limparon a veciñanza da súa órbita; esta característica suxire unha orixe distinta para os dous tipos de planeta.
As consecuencias máis inmediatas desta nova definición foron a perdida de Plutón estatus de "planeta" e o seu renomeamento como (134340) Plutón, e o aumento de categoría de Ceres, antes considerado un asteroide, e de Eris, conocido anteriormente como Xena.
Aquí están os planetas ananos actuales: Ceres, Plutón, Eris, Makemake e Haumea.

Yago Barriuso. 5ºA